



Carlos Buxadé. Catedrático Universidade - Profesor Emérito, ETSIAAB - UPM

A evolución do consumo de leite líquido e derivados lácteos en España, un problema

Entre os varios problemas que ten expostos, desde unha perspectiva global, o sector lácteo, o sector do leite de vaca, en moitos países do primeiro mundo (por exemplo, os Estados Unidos de América) e tamén en España, probablemente un dos máis importantes polas repercusións económicas finais que ten sobre o gandeiro é o da negativa evolución do consumo de leite líquido que, no noso caso, non pode ser compensada pola evolución, nestes últimos 8-10 anos, do consumo de derivados lácteos.

Así, nos últimos 40 anos o consumo de leite líquido nos EE. UU. caeu máis dun 30 %. En España, como se pode constatar na figura 1, a evolución do mencionado consumo nos últimos 20-25 anos (1985-2018) aínda foi peor.

En efecto, no período considerado, 1985-2018, o consumo oficial per cápita de leite líquido en España pa-

sou de 132 kg a menos de 70, o que supón unha perda de consumo duns 63 kg/cápita e o que vén significar unha perda de máis do 52 % (hai que explicitar que aos datos da figura 1 habería que engadirlle o consumo per cápita a nivel rural, que non está recollido nas estatísticas oficiais, e que, na miña opinión, pode supor da orde duns 6-7 kg/cápita. Aínda así, o descenso no consumo de leite líquido no noso país é realmente moi preocupante).

Unha cuestión adicional, que non debe ser menosprezada no contexto que aquí nos ocupa, é que do referenciado consumo só uns 18 kg son de leite enteiro, uns 20 kg corresponden a leite desnatado e o resto, uns 31 kg, son de leite semidesnatado, o que pon ben en evidencia a “errónea cultura de consumo” da poboación española (en gran medida alentada por unha serie de “gurús da dietética”, con ou sen

► A NEGATIVA EVOLUCIÓN DO CONSUMO DE LEITE LÍQUIDO NON PODE SER COMPENSADA POLA EVOLUCIÓN, NESTES ÚLTIMOS 8-10 ANOS, DO CONSUMO DE DERIVADOS LÁCTEOS

Figura 1. Evolución do consumo oficial de leite líquido en España





Figura 2. Consumos per cápita de leite líquido nas 4 CC. AA. máis consumidoras e nas 4 menos consumidoras (estimacións para o ano 2018)



► NOS ÚLTIMOS 40 ANOS O CONSUMO DE LEITE LÍQUIDO NOS EE. UU. CAEU MÁIS DUN 30 %. EN ESPAÑA (1985-2018), [...] AÍNDA FOI PEOR

titulación *ad hoc*, cuxos coñecementos técnicos, no que incumbe á “correcta dieta e á axeitada inxestión”, deixan moito que desexar e, por iso, tamén os seus “consellos”).

É verdade que en moitas partes coen fabas e así, tamén a Unión Europea (a actual UE-28) presenta un descenso moi significativo no consumo de leite líquido ao longo dos últimos 25 anos. Consecuencia diso é que o consumo medio actual na Unión aínda é menor que en España, uns 62 kg/cápita, aínda que hai unhas enormes variacións, así se pasa dos 125-130 kg/cápita de Escandinavia aos 13 kg/cápita de Romanía.

En España, como se pode ver na figura 2, sucede o mesmo que na UE e así hai grandes diferenzas, estatisticamente significativas, entre as distintas comunidades autónomas, pasando dos 96 kg per cápita de Castela e León aos 52 de Baleares. Por tanto, a diferenza entre Castela e León e Baleares é da orde dos 44 kg/cápita, o que equivale a unha diferenza porcentual do 46 % e o que tamén nos debe levar a profundas reflexións do porqué (e máis tendo en conta o peso do turismo xermano e saxón nas illas).

Neste contexto moitas veces se dixo (e se publicou) que en España o mencionado descenso no consumo de leite líquido se vía compensado en gran medida pola evolución no consumo de derivados lácteos.

Lamentablemente isto non é así. É verdade que durante os primeiros

anos do presente século XXI a evolución do consumo destes derivados fixo concibir esperanzas neste sentido, pero, tomando como referencia as tres categorías de produtos lácteos máis relevantes, como son os leites fermentados, o queixo e as sobremesas lácteas (xeados e tortas), pódese constatar que todas elas sufriron un descenso, tanto en termos de volume como de consumo per cápita, a partir da consolidación da nosa crise económica (anos 2007-2008).

Así, o consumo medio de derivados lácteos sitúase actualmente en España, de media, ao redor dos 36 kg per cápita (oscilando desde os 44 kg de Asturias aos 30 kg de Madrid). Esta cifra desagregase fundamentalmente nuns 15-16 kg de leite fermentada, uns 7-8 kg de queixo, uns 3,0-3,5 kg de xeados e tortas e uns 2,5-2,8 kg de batidos de leite). A mencionada cifra de 36 kg atópase afastada dos 45-47 kg alcanzados no cénit (se estas diferenzas se expresaren en unidades monetarias, aínda serían maiores).

Varias e complexas son as razóns nas que se apoian as mencionadas evolucións, pero a súa análise, que se sustenta fundamentalmente na evolución dos hábitos de consumo, en gran media impulsados pola evolución do poder adquisitivo neto e por unha negativa política publicitaria e asesora, obrigaríanos a saír dos límites de espazo que nos foron impostos para este artigo, polo que a súa análise en profundidade queda para unha futura oportunidade. ■